

## PAGAMENTO DE TAXAS PARA A PROBA DE ACCESO A GRAO PROFESIONAL CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DE LUGO

- 1.- Acceder ao sitio web <https://ovt.atriga.gal>
  - 2.- Clicar na pestana "Cidadáns"
  - 3.- No apartado pago de taxas e prezos clicar "Iniciar taxa" e clicar dentro do desplegable o "cadeado aberto" (acceso libre ao servizo) ou "cadeado pechado" se vostede dispón de Certificado dixital.
  - 4.- Clicar no apartado "Iniciar taxa"
  - 5.- No apartado "Consellería" clicar para abrir o desplegable e seleccionar o código 07 - Educación, Universidade e Formación Profesional.
  - 6.- No apartado "Delegación" clicar para abrir o desplegable e seleccionar o código 20 - Lugo
  - 7.- No apartado "Servizo" clicar para abrir o desplegable e seleccionar o código 03 - Ensino medio
  - 8.- No apartado "Taxa" clicar para abrir o desplegable e seleccionar o código 350700 - Conservatorio de música e danza.
  - 9.- No apartado "Obxecto de pago" escribir "**NOME DO ALUMNO: Inscripción nas probas de acceso ao ("CURSO EN NÚMERO") curso de Grao Profesional de Danza na especialidade de (DANZA CLASICA ) (DANZA CONTEMPORÁNEA) que se celebrarán no CDAN Lugo**" No caso de que o/a alumno/a realice máis dunha proba deberá realizar este procedemento por cada unha das especialidades.
  - 10.- No apartado "Datos de pago" escribir 34. No caso de que o alumno sexa integrante dunha familia numerosa a taxa será de 17 euros, e no caso de ser integrante dunha familia numerosa especial a inscrición é gratuíta.
  - 11.- Cumprimentar todas as casillas de datos persoais requiridas da pestana e ao rematar clicar "continuar"
  - 12.- Seleccionar o método de pagamento desexado (Telemático ou presencial) priorizando o pagamento telemático, en caso contrario sería necesario descargar o impreso e acudir ás entidades bancarias colaboradoras para efectuar o pagamento presencialmente en oficina (Abanca, Caixa Rural Galega, CaixaBank, Caja Rural de Zamora, EVO Banco)
  - 13.- No caso de seleccionar "pago telemático" seleccione "tarxeta" e a entidade bancaria da mesma
- (\* Nalgunhas modalidades de pagamento, as entidades colaboradoras poden esixir o pagamento dunha comisión pola prestación do servizo).
- 14.- Introduza os datos da súa tarxeta e clique continuar para finalizar o proceso, obterá un xustificante que deberá remitir por correo electrónico ao centro educativo: [conservatorio.danza.lugo@edu.xunta.gal](mailto:conservatorio.danza.lugo@edu.xunta.gal)

En caso de dúbida chame ao teléfono de atención administrativa do centro 982809642 ou escriba ao email do centro: [conservatorio.danza.lugo@edu.xunta.gal](mailto:conservatorio.danza.lugo@edu.xunta.gal)